

Documentación clínica_

electrónica

_nos hospitais de Galicia



EDITA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ELABORA
Subdirección Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos
DESEÑO E MAQUETACIÓN



REALIZA
Eurlugo, S.L.

DEPÓSITO LEGAL
C - 3363 - 2006

Para máis información:
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
A Coruña
Teléfono: 981 542 808
Fax: 981 542 882
Correo-e: informacion.servizostecnoloxicos@sergas.es
Web: www.sergas.es
Intranet: <http://intranet>

A incorporación dos novos sistemas e tecnoloxías da información no ámbito sanitario é imparabile, constituíndose como ferramentas indispensables para a actividade dos nosos profesionais. A posta en marcha destas novas ferramentas debe ir da man de importantes cambios organizativos, de xeito que obteñamos todo o valor engadido que poden achegar no eido sanitario.

Hoxe en día ninguén dubida de que a xeneralización da historia clínica electrónica, o noso proxecto IANUS, supón un fito que está a modificar o xeito de prestar asistencia sanitaria á cidadanía. Estamos ante un proxecto de longo percorrido, ante un proxecto non só de tecnoloxía, senón tamén de cambios organizativos e de normalización de procesos, cun obxectivo claro de mellora na prestación de servizos sanitarios.

Neste marco innovador que é a posta en marcha en todos os centros do Servizo Galego de Saúde do proxecto de historia clínica electrónica única, a participación dos nosos profesionais é fundamental para garantir o seu éxito e acadar unha ferramenta á altura das súas expectativas. Estamos a construír unha ferramenta indispensable non só para a súa actividade asistencial senón para o seu desempeño docente e investigador.

Por iso, compráceme enormemente presentar este libro, resultado do esforzo de máis de 180 profesionais dos nosos centros, que están a traballar nun labor pioneiro de normalización e consenso da documentación clínica electrónica de cada unha das especialidades. A importancia dunha documentación normalizada, a súa correcta custodia, a súa dispoñibilidade e o tratamento posterior da información son elementos decisivos no noso proxecto de dixitalización da actividade asistencial.

Isto é só o comezo, queda moito camiño por percorrer. Estamos ante unha aposta pola innovación e o uso das tecnoloxías como motores para acadar a excelencia dos nosos centros. Grazas á colaboración e participación de todos os nosos profesionais, o principal activo do sistema sanitario, isto é xa unha realidade.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

■ INTRODUCCIÓN	7
■ PROCEDEMENTO DE NORMALIZACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA	11
■ CONTIDO DOS MANUAIS DE USO DOS DOCUMENTOS	19
■ GLOSARIO DE TERMOS	23
■ DOCUMENTACIÓN CLÍNICA DOS SERVIZOS HOSPITALARIOS	57
■ ANEXO: NORMATIVA ACTUAL DE APLICACIÓN Á DOCUMENTACIÓN CLÍNICA	393

INTRODUCCIÓN

Unha das liñas estratéxicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (Sergas) no eido das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) é o desenvolvemento da historia clínica electrónica (HCE), o chamado proxecto IANUS. A implantación deste proxecto supón, por unha banda, superar os problemas tradicionais asociados á utilización da historia clínica en soporte papel, pero tamén, por outra, constitúe unha oportunidade para levar a cabo a integración da información clínica, e revisar a organización dos servizos e dos profesionais sen que isto supoña unha distorsión na súa actividade clínica.

Os beneficios que derivan da utilización da HCE son, entre outros, a mellora da eficiencia e da calidade da atención sanitaria, a facilidade para integración e continuidade da asistencia e o soporte para a análise da actividade clínica, a epidemioloxía, a docencia e a investigación. Mención especial debe facerse á mellora da accesibilidade, a posible concorrencia dos profesionais no acceso á información e as vantaxes na seguridade e confidencialidade, o que sen dúbida

repercute nunha maior confianza dos cidadáns no sistema sanitario.

No entanto, este tipo de proxectos enfróntase a grandes retos, fundamentalmente debidos á súa complexidade organizativa, derivados da necesidade de estar a información que se precise accesible para todos os profesionais do sistema sanitario implicados na atención aos pacientes, á súa duración no tempo e tamén, ao importantísimo esforzo en investimentos en TIC que supón para a noso sistema sanitario.

Para planificar a súa execución, elaborouse unha folla de ruta, o Plano Alicerce, no que se explicitan de xeito exhaustivo os obxectivos a acadar xunto co seu cronograma, as actividades que hai que desenvolver e os responsables de acada-las. Ademais, establécese un protocolo para a avaliación e o seguimento da implantación que nos permita medir a intensidade do cambio, detectar posibles desviacións e poñer en marcha as medidas correctoras pertinentes.

Para implantar este proxecto de HCE, foi preciso realizar unha serie de actuacións previas durante estes

últimos anos, como a identificación única do cidadán en todos os sistemas de información, a acreditación e sinatura electrónica do profesional sanitario, a homoxeneización da plataforma e sistemas de información existentes en todos os centros asistenciais, o seguimento estrito dos mecanismos de seguridade e confidencialidade nos sistemas informáticos de rexistro dos datos esixidos pola normativa vixente, e a normalización da documentación xerada polos profesionais da saúde.

A identificación única do cidadán en todos os sistemas de información realízase mediante a tarxeta sanitaria individual, que é o documento que acredita o usuario para o acceso ao sistema sanitario. Este sistema xurdiu no ano 1995 como un rexistro actualizado de poboación beneficiaria da asistencia sanitaria xestionada polo Sergas, dotando cada cidadán dun documento tecnolóxico que cumpre funcións identificativas e de acreditación.

A identificación de cada cidadán é unívoca, mediante a asignación dun código de identificación persoal, o denominado CIP. Na actualidade, este sistema poboacional recolle os datos de aproximadamente 2.700.000 galegos e galegas con dereito á asistencia sanitaria, practicamente a totalidade da poboación.

A incorporación dun cidadán á base de datos de tarxeta ocorre desde o momento en que a persoa solicita unha tarxeta sanitaria e faise sempre vinculado a unha cota médica, polo que desde ese momento, e a través desa cota, quedan definidas as derivacións dese cidadán, tanto aos servizos de atención primaria como de especializada.

Como todo sistema en continua evolución, é necesario mantelo actualizado, para o que se utiliza unha plataforma informática que facilita a interconexión con outros sistemas, permitindo realizar modificacións en tempo real desde diferentes puntos da rede.

A través deste sistema os profesionais poden acceder aos datos dos cidadáns, coa característica particular de que se poden elaborar listas de traballo o que posibilita unha maior axilidade na consulta do seu historial clínico.

A identificación única dos profesionais establécese a través dun código numérico persoal (CNP). O CNP incorpórase en todos os procesos informáticos e nos documentos físicos e electrónicos en que sexa preciso a identificación destes.

Para a acreditación e sinatura electrónica dos profesionais que no desempeño das súas funcións precisen acceder ás historias clínicas dos pacientes e realizar anotacións nelas, incorporase a Tarxeta Sanitaria Individual un certificado electrónico de identidade de persoa física (clase 2) emitido pola Real Fábrica Nacional

de Moeda e Timbre que pode ser utilizado como sinatura electrónica e chave de acceso seguro aos sistemas informáticos polos profesionais que manexan a HCE. A sinatura dixital permite identificar o autor e garantir a integridade do documento dixital; deste xeito, os documentos asinados electronicamente teñen a mesma validez xurídica que os documentos manuscritos.

Nos escenarios onde o soporte papel permaneza como o vehículo de comunicación entre os facultativos e os diferentes axentes, no caso de documentos asinados dixitalmente, susceptibles de ser impresos, habílanse medidas técnicas para que tales documentos, en forma impresa, teñan o mesmo valor xurídico que os asinados de forma manuscrita, así como facilitar os medios para que o receptor dese tipo de documentos poida validar tanto o seu contido como a súa sinatura.

Os profesionais que participan no diagnóstico e tratamento dos pacientes poden acceder aos datos da HCE sempre que exista constancia dunha actividade asistencial, existindo controis que garanten o acceso á información do cidadán. Existe un rexistro polo miúdo dos accesos que realiza cada profesional ás historias clínicas, podendo acceder aos datos da HCE dos cidadáns ben por estar anotados nas correspondentes axendas de citación, por figurar no rexistro de pacientes hospitalizados no servizo en que desenvolven a súa actividade ou nas urxencias. No resto dos casos, os profesionais poden acceder aos datos sempre e cando exista unha xustificación, que deberá ser explícita, asinando dixitalmente este acceso e quedando constancia en todo momento no rexistro informático correspondente.

Outra das actuacións que se tiveron que desenvolver foi a homoxeneización da plataforma e sistemas de información existentes en todos os centros asistenciais, implantando un amplo conxunto de aplicacións corporativas. As liñas estratéxicas perseguidas por este proxecto de homoxeneización pódense resumir en centralizar a xestión e desenvolvemento dos sistemas de información, creando un catálogo de aplicacións do Sergas, homoxeneizar e equilibrar a utilización destes sistemas en todos os hospitais da rede, evitar ineficiencias de coordinación e dispoñibilidade da información, dar unha visión única do sistema a través dunha actualización global e coordinada de todas as aplicacións instaladas nos centros da rede, facilitar unha normalización corporativa dos procesos organizativos e xestionar o custo global da operación dos sistemas.

A normalización da documentación xerada polos profesionais da saúde realizouse mediante a creación de tres tipos de grupos de traballo: un de expertos en documentación clínica; outro de clínicos asesores,

específico para cada especialidade e finalmente; e outro de interlocutores, constituído por un representante en cada un dos centros asistenciais.

O procedemento de recollida dos datos está baseado na utilización da denominada linguaxe estruturada, consistente nun guión estruturado ou modelo. Os modelos elaborados son específicos de cada especialidade, aínda que algúns son necesariamente compartidos por profesionais de especialidades diferentes. Consisten en formularios preestablecidos de tipo mixto, é dicir, con epígrafes de contestación libre combinadas con outras de respostas únicas ou múltiples.

Todos os modelos teñen un manual de uso onde se establecen os ámbitos e perfís profesionais de uso, tanto para a súa escritura como para a consulta da información, os nodos da árbore de IANUS aos que vai asociada (hospitalización, consultas, cirurxía ambulatoria, urxencias, etc.), e, finalmente, as normas para cubrir cada unha das epígrafes.

Realizouse tamén un traballo consistente na adopción de criterios sobre a linguaxe e a terminoloxía empregada, denominado glosario de termos, consistente na recompilación, clasificación e definición dos termos empregados coa finalidade de normalizar o seu contido e facilitar a súa interpretación por parte dos profesionais.

A presentación dos datos está condicionada polas necesidades e o contexto dos usuarios do sistema. O proxecto IANUS conta como condición fundamental coa sinatura electrónica dos profesionais, polo que para o seu traballo habitual non se precisa da impresión dos documentos en soporte papel, sendo as vistas, é dicir, a presentación na pantalla do ordenador dos modelos o procedemento empregado. Soamente se precisa a súa impresión en papel cando este deba ser entregado ao paciente ou a terceiras persoas, ou nos casos en que sexa imprescindible a súa sinatura por parte do paciente (consentimentos informados, follas de inclusión en lista de espera, etc.). Nestes casos, as vistas transfórmanse en informes, cun deseño propio e adaptado para a súa impresión en soporte papel.

Este procedemento persoal de captura dos datos complementábase con outro non persoal, consistente na captura da información directamente desde dispositivos e máquinas, verténdose directamente no sistema. Na actualidade, a maioría dos dispositivos que xeran imaxe dixital dispoñen de interfaces que permiten a captura directa, solucionándose os problemas de

compatibilidade mediante o emprego dun protocolo estándar (DICOM), sobre o que traballan os sistemas de arquivo e recuperación.

Polo tanto, a recollida de datos en realidade é a integración da información xerada polos profesionais xunto coa procedente das diferentes aplicacións, en distinto momento e lugar. A integración de toda esta información precisa dun identificador do usuario do sistema que sexa inequívoco e unívoco que é o sistema empregado de acreditación dos profesionais.

Para o seguimento estrito dos mecanismos de seguridade e confidencialidade nos sistemas informáticos, nos últimos anos publicáronse unha serie de normativas para garantir que os datos dos pacientes non sexan destruídos durante toda a súa vida, garantindo, pola súa vez, a privacidade, veracidade, seguridade e recuperación. Para evitar perdas, nos casos de desastre, contamos cun sistema de replicación e recuperación dos datos ante a aparición destas posibles incidencias.

A HCE é admitida expresamente como soporte da información de saúde das persoas. Conforme a normativa sobre protección de datos, é obrigatorio informar o interesado da existencia da HCE e da identidade e enderezo do seu responsable. O tratamento informatizado dos datos da historia clínica non esixe o consentimento do interesado.

Non nos podemos esquecer da participación dos cidadáns. A normativa actual establece que o paciente ten dereito a acceder aos datos consignados na súa historia clínica, calquera que sexa o seu soporte, coa excepción dos datos confidenciais que afecten a terceiras persoas, das anotacións subxectivas que os profesionais realicen na historia clínica e dos datos cuxo acceso deba limitarse ao paciente por razóns xustificadas de necesidade terapéutica.

Este proxecto de HCE (IANUS) posibilita e permite a participación activa dos cidadáns no proceso sanitario, dado que este poderá acceder a todos os seus datos independentemente de onde se atope, solucionando deste xeito os problemas derivados da súa mobilidade. Ademais, estes datos non poderán ser modificados, polo que a fiabilidade é absoluta, así como a confidencialidade da información, polo que poderá recibir unha mellor e máis completa atención, evitando a repetición de probas innecesarias coas vantaxes que isto supón para o propio paciente e para o sistema sanitario.

PROCEDEMENTO DE NORMALIZACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

■ CIRCUÍTO DE NORMALIZACIÓN

Naqueles centros en que se implante IANUS, deberá ser nomeado un responsable de documentación clínica (interlocutor), o que se fará constar na acta de implantación.

Cómpre establecer unha política de comunicación para que os profesionais coñezan quen é o interlocutor do seu centro para a normalización da documentación clínica electrónica.

A documentación clínica en papel para normalizar e trasladar a formato electrónico remítana os profesionais aos interlocutores de cada centro quen, pola súa vez, serán os encargados de trasladala á Subdirección Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos (SXIST) (Servizo de Análise e Normalización da Información), que será a unidade responsable de remitírllela ao grupo de traballo de documentación clínica (GTDC) e aos grupos clínicos asesores (GCA).

No prazo máximo de cinco días laborables desde o envío da documentación ao GTDC e ao GCA, a SXIST convocará unha sesión de normalización co GTDC e o GCA da especialidade correspondente. Xérase unha acta coas decisións adoptadas na sesión, na que se inclúe:

- A relación de documentos presentados, indicando a decisión tomada para cada documento.
- Nos casos de rexeitamento, deben especificarse os motivos.
- Nos casos de aprobación, debe anexarse a proposta de documento normalizado, xunto co seu manual de uso, que inclúa:
 - O nome do documento en IANUS.
 - Os ámbitos de uso (un/varios/todos os servizos e un/varios/todos os centros).
 - Os perfís profesionais que estarán autorizados para acceder á súa escritura e consulta.
 - Os nodos da árbore de IANUS aos que irá asociado.
 - As normas para cubrir cada epígrafe do documento.

A SXIST remitirá a proposta de documento normalizado aos interlocutores de cada centro para que o distribúan aos facultativos da especialidade e fagan as alegacións que estimen oportunas, no prazo máximo de cinco días laborables desde o seu envío.

En caso de que se reciban alegacións dentro do prazo establecido, a SXIST remitirallas ao GTDC para que decida a súa resolución.

As decisións adoptadas rexistraranse nun anexo á acta de acordos da sesión correspondente. Os documentos normalizados ou as modificacións sobre os xa existentes incorporaranse ao IANUS no prazo máximo de 10 días laborables.

O GTDC de acordo cos GCA, poderá propoñer que a Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade lle solicite á sociedade médica correspondente o aval dos documentos normalizados.

■ COORDINADOR E GRUPOS DE TRABAJO

COORDINADOR DOS GRUPOS DE TRABAJO

Eladio Andión Campos

Xefe do Servizo de Análise e Normalización da Información.
Subdirección Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos.

Funcións do coordinador dos grupos de traballo:

- Recibir dos interlocutores de cada centro as propostas de documentación en papel para normalizar e trasladar a formato electrónico.
- Remitirles as propostas de documentación en papel ao GTDC e aos GCA.
- Convocar o GTDC e os GCA ás sesións de normalización.
- Elaborar a acta das sesións de normalización, na que se inclúa a proposta do documento normalizado e o seu manual de uso.
- Remitir a acta das sesións de normalización aos interlocutores de cada centro para que formulen alegacións.
- Recibir dos interlocutores de cada centro as alegacións e trasladarllas ao GTDC para a súa resolución.
- Remitirle os documentos normalizados á Unidade de Tecnoloxías de Información para a súa elaboración en formato electrónico.

GRUPO DE TRABAJO DE DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Na relación seguinte preséntase o nome e o centro de traballo dos profesionais expertos en documentación clínica que participaron nas sesións de normalización. As datas que figuran debaixo recollen o ámbito temporal da súa participación neste proxecto.

Miguel Costas Sueiras

C.H. Universitario Juan Canalejo
13/7/2005 - 5/6/2006

O GCA será o encargado de presentar os documentos normalizados á sociedade médica correspondente.

Con anterioridade ao establecemento deste circuíto de normalización procedeuse á elaboración dunha documentación xeral, na que se incluíron [as epígrafes da anamnese e exploración física](#), [o protocolo cirúrxico](#), [o informe de alta](#), [o informe médico](#), [o informe de traslado e o parte de lesións ao Xulgado de Garda](#).

Ignacio Juanatey Dorado

C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.
13/7/2005 - 8/6/2006

Ángel Facio Villanueva

C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.
26/6/2006 - 12/7/2006

Jesús Conde Freire

C.H. Xeral-Calde.
15/11/2005 - 23/6/2006

Román García de la Infanta

C.H. de Ourense.
13/7/2005 - 31/3/2006

José Falagán Mota

C.H. de Pontevedra
13/7/2005 - 13/12/2005

Marta Carbajo Vicente

C.H. Universitario de Vigo
13/7/2005 - 7/11/2005

Mar Díaz Terciado

C.H. Universitario de Vigo.
13/12/2005 - 27/1/2006

M^a Holanda Rodríguez Vázquez

C.H. Universitario de Vigo.
11/2/2006 - 12/7/2006

Ramón Ares Rico

División de Asistencia Sanitaria.
13/12/2005 - 10/2/2006

Funcións do Grupo de Traballo de Documentación Clínica:

- Constituír e coordinar os grupos clínicos asesores, seleccionando os profesionais máis axeitados de cada especialidade, e priorizando aqueles que formen parte das sociedades científicas.
- Elaborar, conxuntamente co GCA, as propostas de normalización do deseño e contidos dos documentos que se incorporen á historia clínica electrónica.
- Elaborar o glosario de termos da documentación clínica electrónica.

- Resolver as alegacións que se formulen das propostas de documentos normalizados.
- Propoñer que a Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade lle solicite á sociedade médica correspondente o aval dos documentos normalizados.

GRUPOS CLÍNICOS ASESORES

Alergoloxía

Antonio Parra Arrondo
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Carmen Vidal Pan
C.H. Universitario de Santiago.

Pilar Iriarte Sotes
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Celsa Pérez Carral
Hospital da Costa.

María del Mar García Álvarez-Eire
C.H. de Ourense.

Teresa Soto Mera
C.H. de Pontevedra.

Carmen Marcos Bravo
C.H. Universitario de Vigo.

Anestesioloxía e Reanimación

Lucinda Encinar Arias
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Manuel Alberto Camba Rodríguez
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Amadeo Toledo Presedo
C.H. Xeral-Calde.

Ricardo Bermejo Díaz de Rábago
C.H. Xeral-Calde.

Carlos Izquierdo Gutiérrez
C.H. de Ourense.

Ricardo Mallo Fernández
C.H. de Pontevedra.

Raúl Vilar Narváez
C.H. Universitario de Vigo.

Rafael Pita-Romero Caamaño
C.H. Universitario de Vigo.

Anxioloxía e Cirurxía Vascular

Ramón Segura Iglesias
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Manuel Martínez Pérez
C.H. Universitario de Santiago.

José María García Colodro
C.H. Xeral-Calde.

Francisco Javier Molina Herrero
C.H. de Ourense.

Raúl García Casas
C.H. de Pontevedra.

Begoña Torrón Casa
C.H. Universitario de Vigo.

Aparello Dixestivo

José Luis Vázquez Iglesias
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Alfonso Dopico López
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Ángel Lancho Seco
C.H. Xeral-Calde.

Eloy Sánchez Hernández
C.H. de Ourense.

Juan Clofent Vilaplana
C.H. Universitario de Vigo.

Abel Pallarés Peral
C.H. Universitario de Vigo.

Cardioloxía

Nicolás Vázquez González
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Antonio Amaro Cendón
C.H. Universitario de Santiago.

Alejandro Virgós Lamela
C.H. Universitario de Santiago.

Alejandro Mesías Prego
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Juan Carlos Yáñez Wonenburger
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Alberto García Castelo
C.H. Xeral-Calde.

José Antonio Lombán Villanueva
Hospital da Costa.

Manuel Pérez Rodríguez
C.H. de Ourense.

Cirurxía Cardíaca

José Joaquín Cuenca Castillo
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Javier García Carro
C.H. Universitario de Santiago.

Antonio Cabrera Toledo
C.H. Universitario de Vigo.

Cirurxía Xeral e Dixestiva

Germán Adrio Díaz
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

María Redondo Ferreiro
C.H. de Ourense.

Manuel Martínez Alarcón
C.H. de Pontevedra.

José Manuel Nuño Vázquez-Garza
C.H. Universitario de Vigo.

Cirurxía Maxilofacial

José Luis López-Cedrún Cimbranos
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Cirurxía Pediátrica

Manuel Adolfo Gómez Tellado
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Cirurxía Plástica

Luis F. Zaera de la Vega
C.H. Xeral-Calde.

Reyes Trillo Bravo
C.H. Universitario de Vigo.

Cirurxía Torácica

José María Borro Maté
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Miguel Ángel Cañizares Carretero
C.H. Universitario de Vigo.

Dermatoloxía

Eduardo Fonseca Capdevila
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Dolores Sánchez-Aguilar Rojas
C.H. Universitario de Santiago.

Cristina de las Heras Soto
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Mercedes Lueiro Vilariño
C.H. Xeral-Calde.

Carlos de la Torre Fraga
C.H. de Pontevedra.

Ander Zulaica Gárate
C.H. Universitario de Vigo.

Francisco Allegue Rodríguez
C.H. Universitario de Vigo.

Endocrinoloxía

Segundo Jorge Méndez
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Alfonso Soto González
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Rafael Araujo Ayala
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Manuel Botana López
C.H. Xeral-Calde.

Hematoloxía

Miguel Ángel Amor Otero
C.H. Universitario Juan Canalejo.

José Manuel Sánchez Varela
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

José Manuel Paz Carreira
C.H. Xeral-Calde.

M^a José Allegue Vilaso
C.H. de Pontevedra.

Alejandro Martínez Dalmau
C.H. Universitario de Vigo.

Hospitalización a Domicilio

Miguel A. Silva César
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Eugenia Ameneiros Lago
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

M^a José Cereijo Quinteiro
C.H. Xeral-Calde.

Ángeles Castillo Losada
C.H. de Ourense.

Isidro Caballería Palau
C.H. de Pontevedra.

Luis Amador Barciela
C.H. Universitario de Vigo.

Tomás Ardid Posada
C.H. Universitario de Vigo.

Medicina Interna

José Carlos García Martín
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Fernando de la Iglesia Martínez
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Pascual Sesma Sánchez
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Ramón Rabuñal Rey
C.H. Xeral-Calde.

Ovidio Fernández Álvarez
C.H. de Ourense.

Luis Piñeiro Gómez-Durán
C.H. de Pontevedra.

José Ramón Larrañaga Fernández
C.H. Universitario de Vigo.

Medicina Intensiva

José García Pardo
C.H. Universitario Juan Canalejo.

José Manuel Gutiérrez Cortés
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Dolores Vila Fernández
C.H. Universitario de Vigo.

Carlos Vara Pérez
C.H. Universitario de Vigo.

Medicina Preventiva

Teresa Jiménez Martínez
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Virginia Lorenzo García
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Carlos Quintás Fernández
C.H. Xeral-Calde.

José Uribe Espinosa
C.H. de Ourense.

Francisco Vázquez Vizoso
C.H. de Pontevedra.

Rosa Fungueiriño Suárez
C.H. de Pontevedra.

Margarita Cueto Baelo
C.H. Universitario de Vigo.

Nefroloxía

Carlos Alberto Trasancos Fernández
C.H. Universitario Juan Canalejo.

M^a Fernanda Arrojo Alonso
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Rosa Ranero Dáz
C.H. Xeral-Calde.

Antonio Pereira García
C.H. de Pontevedra.

Luis González Rodríguez
C.H. Universitario de Vigo.

José M. Lamas Barreiro
C.H. Universitario de Vigo.

Neurocirurxía

Santiago Amaro Cendón
C.H. Universitario Juan Canalejo.

José Luis Quintela Bermúdez
C.H. Universitario de Vigo.

Neurofisioloxía Clínica

Catía María Martínez Barjas
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Antonio Martínez Figueroa
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Alberto Fernández Lastra
C.H. Xeral-Calde.

Saioa San Martín Sierra
C.H. de Ourense.

José María Fernández Rodríguez
C.H. Universitario de Vigo.

Neuroloxía

M^a Carmen Lema Devesa
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Dolores Dapena Bolaño
C.H. Universitario de Santiago.

Mercedes Macías Arribí
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Guillermo Ozaita Arteche
C.H. de Ourense.

José Ramón Rodríguez Álvarez
C.H. de Pontevedra.

Jesús Romero López
C.H. Universitario de Vigo.

Obstetricia

José L. Gómez Parga
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Javier Martínez Pérez-Mendaña
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

M^a Dolores Fandiño García
C.H. Xeral-Calde.

Susana Blanco Pérez
C.H. de Ourense.

Jaime Dapena González
C.H. de Pontevedra.

Ángel de la Orden de Frutos
C.H. Universitario de Vigo.

Oftalmoloxía

Manuel Cordido Carballido
C.H. Universitario Juan Canalejo.

M^a Dolores Álvarez Díaz
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Aurora Sayagués Gómez
C.H. Xeral-Calde.

Claudio Moreno García
C.H. de Ourense.

José Severiano Campos García
C.H. Universitario de Vigo.

Oncología Médica

Guillermo Alonso Jaúdenes Curbera
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Yolanda Vidal Ínsua
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Jesús García Mata
C.H. de Ourense.

Isabel Lorenzo Lorenzo
C.H. de Pontevedra.

Joaquín Casal Rubio
C.H. Universitario de Vigo.

Otorrinolaringología

Torcuato Labella Caballero
C.H. Universitario de Santiago.

Antonio Belinchón Adalid
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Jesús Fernández Silva
C.H. de Pontevedra.

Carmelo Santidrián Hidalgo
C.H. Universitario de Vigo.

Pneumología

Marina Blanco Aparicio
C.H. Universitario Juan Canalejo.

M^a José Mejuto Martí
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Luis Pérez de Llano
C.H. Xeral-Calde.

Luis Piñeiro Amigo
C.H. Universitario de Vigo.

Alberto Fernández Villar
C.H. Universitario de Vigo.

Pediatría

Gerardo Rodríguez Valcárcel
C.H. Universitario Juan Canalejo.

José M^a Garrido Pedraz
C.H. de Ourense.

Gonzalo González Lorenzo
C.H. de Pontevedra.

José Antonio Couceiro Gianzo
C.H. Universitario de Vigo.

Psiquiatría

Manuel Espiñeira Álvarez
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Antonio Núñez Pérez
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Luis Vila Pillado
C.H. Xeral-Calde.

Ignacio Gómez Reino
C.H. de Ourense.

Purificación Sevilla Formariz
C.H. de Ourense.

José María Blanco Lobeiras
C.H. de Pontevedra.

Félix Javier Pérez Montoto
C.H. Universitario de Vigo.

Psicología Clínica

Gonzalo Martínez Sande
C.H. Universitario Juan Canalejo.

M^a José Ramil Fraga
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Isabel Rodríguez Sobrino
C.H. de Ourense.

Estrella González Gómez
C.H. de Pontevedra.

Irene Esperón Rodríguez
C.H. Universitario de Vigo.

José M^a Alonso Ramos
Secretaría Xeral do Sergas.

Radiodiagnóstico

María José Martínez-Sapiña Llamas
C.H. Universitario Juan Canalejo.

Marcelino del Castillo Fraile
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Julio Rodríguez Gracia
C.H. Xeral-Calde.

Luis Puig Pérez-Quevedo
C.H. de Pontevedra.

Pedro Sanjurjo de la Fuente
C.H. Universitario de Vigo.

Juan Manuel Vieito Fuentes
C.H. Universitario de Vigo.

Rehabilitación

M^a Concepción Baamonde Pedreira
C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Alfonso Tobío Iglesias
C.H. de Pontevedra.

Antonio Calderón González
C.H. Universitario de Vigo.

Reumatoloxía

Jenaro Graña Gil

C.H. Universitario Juan Canalejo.

Francisco Javier de Toro Santos

C.H. Universitario Juan Canalejo.

José Luís Guerra Vázquez

C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Carlos García Porrúa

C.H. Xeral-Calde.

Manuel Rodríguez Gómez

C.H. de Ourense.

Juan Antonio Cruz Martínez

C.H. de Pontevedra.

Iñigo Hernández Rodríguez

C.H. Universitario de Vigo.

Traumatoloxía

Luis Antonio García Rodríguez

C.H. Universitario Juan Canalejo.

Laureano Otero Soengas

C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Luis Quevedo García

C.H. Xeral-Calde.

José Ignacio Serantes González

C.H. de Pontevedra .

José Manuel Galdo Pérez

C.H. Universitario de Vigo.

Uroloxía

Venancio Chantada Abal

C.H. Universitario Juan Canalejo.

Manuel Villar Núñez

C.H. Universitario de Santiago.

Miguel Ángel Cuerpo Pérez

C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

Alberto Barreiro Mouro

C.H. de Ourense.

Máximo Castro Iglesias

C.H. de Pontevedra.

José Manuel Barros Rodríguez

C.H. Universitario de Vigo.

Juan Mata Varela

C.H. Universitario de Vigo.

Xeriatria

Fernando Veiga Fernández

C.H. Xeral-Calde.

Carlos Rodríguez Pascual

C.H. Universitario de Vigo.

Xinecoloxía

José L. Gómez Parga

C.H. Universitario Juan Canalejo.

Javier Martínez Pérez-Mendaña

C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

M^a Dolores Fandiño García

C.H. Xeral-Calde.

Susana Blanco Pérez

C.H. de Ourense.

Roberto Rodríguez Núñez

C.H. de Ourense.

Jaime Dapena González

C.H. de Pontevedra.

Ángel de la Orden de Frutos

C.H. Universitario de Vigo.

Funcións dos grupos clínicos asesores:

- Elaborar, conxuntamente co GTDC, as propostas de normalización do deseño e contidos dos documentos que se incorporen á historia clínica electrónica.
- Presentar os documentos normalizados á sociedade médica correspondente para a obtención do seu aval.

GRUPO DE INTERLOCUTORES

Enrique Míguez Rey

C.H. Universitario Juan Canalejo.

Miguel Costas Sueiras

C.H. Universitario Juan Canalejo.

Fernando Pampín Conde

F.P. Hospital Virxe da Xunqueira.

Félix Rubial Bernárdez

C.H. Universitario de Santiago.

José A. Díaz Peromingo

F.P. Hospital da Barbanza.

Ignacio Juanatey Dorado

Área de Ferrol.

Jesús Conde Freire

C.H. Xeral-Calde.

Carmen González Mon

Hospital da Costa.

Fernando Gómez Pérez

Hospital Comarcal de Monforte.

Román García de la Infanta
C.H. de Ourense.

Pablo Deramond Mundaca
Hospital Comarcal de Valdeorras.

Francisco Javier Puente Prieto
F.P. Hospital de Verín.

José Falagán Mota
C.H. de Pontevedra.

Carmen Sixto da Silva
C.H. de Pontevedra.

Belén Sánchez Rodríguez
F.P. Hospital Comarcal do Salnés.

José Otero Varela
C.H. Universitario de Vigo.

Funcións do Grupo de Interlocutores:

- Participar na reunión de constitución do comité de implantación de IANUS no seu centro.
- Establecer unha política de comunicación activa cos profesionais do seu centro coa finalidade de facilitar a implantación de IANUS.
- Recibir as propostas dos facultativos dos documentos en papel para normalizar e trasladar a formato electrónico.
- Remitir as propostas dos documentos normalizados resultantes das sesións de normalización, e trasladarllelas aos facultativos para que formulen alegacións.
- Remitirlle as alegacións formuladas polos facultativos á SXIST.

CONTIDO DOS MANUAIS DE USO DOS DOCUMENTOS

Nos manuais de uso dos documentos recóllense os ámbitos de uso (nome do servizo hospitalario), os nodos da árbore de IANUS aos que irá asociada (hospitalización, consultas externas, intervencións ambulatorias, urxencias) e os perfís profesionais de uso, tanto para a escritura como para a súa consulta.

As normas para cubrir o documento son os criterios que se deben utilizar para a introdución dos datos nas distintas epígrafes dos documentos, coa finalidade de garantir a uniformidade e facilitar a súa lectura e interpretación a todos os profesionais que os consulten.

En primeiro lugar, establécese o tipo de campo de que se trata (texto, numérico, check único, check múltiple, check numérico, combo ou data), a fórmula de cálculo, no caso de campos numéricos calculados a partir doutros, se o campo é excluínte ou non excluínte e, para rematar, se é de rexistro obrigatorio ou non obrigatorio.

■ TIPOS DE CAMPOS

■ Texto

Permite a introdución de texto, datos numéricos e datas de forma libre.

Exemplo:

Motivo de asistencia

Paciente de 45 anos de idade que acode á consulta por presentar desde o 15 de xullo de 2005...

■ Numérico

Permite a introdución de datos numéricos, enteiros ou con decimais. Tamén pode tratarse dun campo numérico con valores calculados, procedentes doutros campos numéricos. Neste campos sempre se indica, despois do nome, a unidade de medida na que se deben rexistrar os datos.

Exemplo:

Talle (cm) Datos numéricos introducidos

Exemplo:

IMC Datos numéricos calculados = Peso / Talle²

Índice de masa corporal

Ademais, nos manuais de uso figura, entre parénteses, o número de decimais cos que se expresa.

Exemplo:

Talle

Numérico (0); significa que se trata dun valor numérico sen decimais.

Exemplo:

IMC

Numérico (2); significa que se trata dun valor numérico con dous decimais.

■ Check único

Permite sinalar, facendo “clic” co rato sobre el, a presenza dun determinado termo. Os termos non sinalados non figurarán no modelo cando este se asine.

Exemplo:

Claudicación neuróxena Claudicación neuróxena presente

Exemplo:

Claudicación neuróxena Non hai claudicación neuróxena

■ Check múltiple

Permite elixir, facendo “clic” co rato sobre el, un ou varios termos dentro dunha lista de termos posibles. Os termos non sinalados non figurarán no modelo cando este se asine.

Exemplo:

Parálise facial vexetativa

Salivar Parálise salivar

Lacrimal Non hai parálise lacrimal

Gustativa Parálise gustativa

Outras Non hai outras parálises

■ Check numérico

Permite elixir, facendo “clic” co rato sobre el, o valor asociado a un termo dentro dunha lista de termos posibles. Os termos non sinalados non figurarán no modelo cando este se asine. No exemplo seguinte a selección de “A orde” é equivalente a introdución dun valor numérico 3.

Exemplo:

APERTURA DE OLLOS	valoración
Espontánea	4 <input type="checkbox"/>
A orde	3 <input checked="" type="checkbox"/>
A dor	2 <input type="checkbox"/>
Ausencia de resposta	1 <input type="checkbox"/>

■ Combo

Permite elixir só un termo dentro dunha lista de termos posibles.

Exemplo:

Decisión ante a intervención

A opción elixida foi “Aceptada con ingreso”

Aceptada con CMA

Demorada

Rexeitada

As listas de valores figuran nas normas para cubrir o documento.

■ Data

Permite a introdución de datas, nos formatos día/mes/ano (dd/mm/aaaa) ou ben hora/minuto (hh:mm). Tamén pode tratarse dun campo data con valores calculados, procedentes doutros campos data, ou numéricos que contabilicen días.

Exemplo:

DUR (dd/mm/aaaa) Data introducida

Data da última regra

Exemplo:

DPP (dd/mm/aaaa) Data calculada = DUR + 280 días

Data probable do parto

Exemplo:

Hora de inicio (hh:mm)

■ Debuxo

Permite o debuxo á man alzada.

Exemplo:

ESQUEMA DA INTERVENCIÓN CIRÚRXICA

■ Datos excluíntes/non excluíntes

■ Datos excluíntes

Datos excluíntes significa que a elección dun valor imposibilita a elección doutro.

Exemplo:

Taquicardia Bradicardia Opción válida

Taquicardia Bradicardia Opción válida

Taquicardia Bradicardia Opción non válida

Exemplo:

SI NON Opción válida

SI NON Opción válida

SI NON Opción non válida

■ Datos non excluíntes

Datos non excluíntes significa que a elección dun valor non imposibilita a elección doutro.

Exemplo:

MS MI Opción válida

MS MI Opción válida

MS MI Opción válida

MS: Membro superior/ MI: Membro inferior.

■ CAMPOS OBRIGATORIOS/ NON OBRIGATORIOS

■ Campos obrigatorios

Campos obrigatorios significa que o modelo non se pode asinar se o campo non se cobre con algún valor.

Nos documentos de anamnese e exploración física/clínica son campos obrigatorios os seguintes: motivo de asistencia, antecedentes, alerxias, enfermidade actual, xuízo clínico e plan terapéutico.

Exemplo:

MOTIVO DE ASISTENCIA

Paciente de 45 anos de idade que acode á consulta por presentar desde o 15 de xullo de 2005...

O modelo pódese asinar.

Exemplo:

MOTIVO DE ASISTENCIA

O modelo non se pode asinar.

■ Campos non obrigatorios

Campos non obrigatorios significa que o modelo se pode asinar aínda que o campo non se cubra con ningún valor. Os campos non obrigatorios baleiros non figurarán no modelo cando este se asine.

Son campos non obrigatorios os seguintes: anamnese por aparellos, exploración física e plan diagnóstico.

Exemplo:

EXPLORACIÓN FÍSICA

O modelo pódese asinar e o campo non figurará no modelo cando este se asine.

GLOSARIO DE TERMOS

Este glosario é unha recompilación dos termos que se inclúen nas follas de anamnese coa finalidade de facilitar a súa interpretación aos profesionais.

Nesta primeira edición figuran só os termos das follas de anamnese exploración física/clínica, aínda que máis adiante incluirá os termos presentes en toda a documentación clínica.

De cada un dos termos preséntase o nome completo (no caso de que sexa unha abreviatura ou sigla), a descrición (dentro do contexto no que o termo figura na documentación), as unidades de medida (no caso dos termos numéricos), a fórmula de cálculo (no caso dos termos numéricos calculados), as epígrafes onde aparecen e, finalmente, os servizos que o incluíron.

A

A

Descrición

Descrición topográfica das lesións venosas periféricas do sistema venoso afectado.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR

A termo**Descrición**

Embarazo comprendido entre as 37 e as 42 semanas completas de xestación.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

OBSTETRICIA / XINECOLOXÍA

Abdución**Descrición**

Movemento activo ou pasivo que afasta un membro do plano medio.

Unidades

graos

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

TRAUMATOLOXÍA

Ablación por RF**Nome completo**

Ablación por radiofrecuencia.

Descrición

Destrución dos tecidos pola calor xerada por ondas de radio.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

CARDIOLOXÍA

Abortos**Descrición**

Interrupción da xestación, por causas naturais ou provocadas, antes da semana 20 de xestación ou cando o peso do feto é inferior a 500 gramos.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

HEMATOLOXÍA CLÍNICA / OBSTETRICIA / XINECOLOXÍA

Accidente cerebrovascular agudo**Descrición**

Síndromes clínicas neurolóxicas de aparición súbita ocasionadas por lesións isquémicas ou hemorráxicas.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

HEMATOLOXÍA CLÍNICA

Accidente isquémico transitorio**Descrición**

Síndromes clínicas neurolóxicas de escasa duración ocasionadas por lesións isquémicas ou hemorráxicas.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

HEMATOLOXÍA CLÍNICA

Ácido acetilsalicílico**Descrición**

Reacción alérxica ao ácido acetilsalicílico, que se presenta cando o sistema inmunolóxico se expuxo con anterioridade ao medicamento e crea anticorpos contra este.

Epígrafe

ALERXIAS

Servizo

CARDIOLOXÍA

Acropaquias**Descrición**

Deformidades dos dedos en maza ou palillo de tambor.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

PNEUMOLOXÍA

Activo**Descrición**

Individuo que realiza unha actividade remunerada.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

CARDIOLOXÍA

ACTP**Nome completo**

Anxioplastia coronaria transluminal percutánea.

Descrición

Procedemento en que se usa un balón para abrir as arterias coronarias que presentan obstrución ou estreitamento.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

CARDIOLOXÍA

Acuñaemento**Descrición**

Esmagamento da columna vertebral en forma de cuña.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

REHABILITACIÓN

Adución**Descrición**

Movemento activo ou pasivo que achega un membro ao plano medio.

Unidades

graos

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

TRAUMATOLOXÍA

ADVP**Nome completo**

Adición a drogas por vía parenteral.

Descrición

Adición a drogas por vía parenteral.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

APARELLO DIXESTIVO / MEDICINA INTERNA

Agudeza visual corrixida**Descrición**

Valoración da capacidade funcional resultante con corrección óptica.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

OFTALMOLOXÍA

Alcohol**Descrición**

Individuo que consome habitualmente bebidas alcohólicas.

Unidades

gr/día

Epígrafe

ANTECEDENTES PERINATAIS

Servizo

PEDIATRÍA

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

APARELLO DIXESTIVO / CARDIOLOXÍA / CIRURXÍA MAXILOFACIAL / CIRURXÍA TORÁCICA / MEDICINA INTERNA / MEDICINA INTENSIVA / PNEUMOLOXÍA

ANALÍTICA**Descrición**

Proba consistente na determinación dos valores obtidos de mostras procedentes de materia biolóxica dun individuo.

Epígrafe

PLAN DIAGNÓSTICO

Servizo

MEDICINA INTERNA

Epígrafe

PROBAS COMPLEMENTARIAS

Servizo

ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN / APARELLO DIXESTIVO / CIRURXÍA TORÁCICA

ANATOMÍA PATOLÓXICA**Descrición**

Proba consistente no estudo das alteracións macro e microscópicas dos órganos ou tecidos.

Epígrafe

PROBAS COMPLEMENTARIAS

Servizo

CIRURXÍA TORÁCICA

ANESTESIA**Descrición**

Abolición de calquera tipo de sensibilidade.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

TRAUMATOLOXÍA

ANEURISMA**Descrición**

Ensanchamento ou abombamento anormal dunha porción dunha arteria, que ten relación coa debilidade da parede do vaso sanguíneo.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR

Angulación**Descrición**

Medida en graos dunha curva escoliótica.

Unidades

graos

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

REHABILITACIÓN

Ángulo de Cobb**Descrición**

Medida do ángulo da columna vertebral nas desviacións frontais.

Unidades

graos

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

REHABILITACIÓN

ÁNGULO DE FICK**Descrición**

Ángulo formado polo eixe dun metatarsiano co plano de apoio.

Unidades

graos

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

TRAUMATOLOXÍA

Antepulsión**Descrición**

Tendencia a marchar ou a caer cara adiante, observada nalgúns enfermidades do sistema nervioso.

Unidades

graos

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

TRAUMATOLOXÍA

Antiagregantes**Descrición**

Substancias que inhiben ou retardan a agregación plaquetaria.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

APARELLO DIXESTIVO / CIRURXÍA PLÁSTICA / OFTALMOLOXÍA

Antibióticos**Descrición**

Reacción alérxica a un antibiótico que se presenta cando o sistema inmunolóxico se expuxo con anterioridade ao medicamento e crea anticorpos contra este.

Epígrafe

ALERXIAS

Servizo

MEDICINA PREVENTIVA

Anticoagulantes**Descrición**

Substancias que inhiben ou retardan a coagulación do sangue.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

APARELLO DIXESTIVO / CIRURXÍA PLÁSTICA / OFTALMOLOXÍA

Anticonceptivos**Descrición**

Substancias ou axentes que impiden a fecundación.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

HEMATOLOXÍA CLÍNICA

Anxina estable**Descrición**

Dor ou molestia no peito ou en áreas adxacentes ocasionada por insuficiente fluxo sanguíneo ao músculo cardíaco.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

CARDIOLOXÍA

Anxina inestable**Descrición**

Dor ou molestia no peito ou en áreas adxacentes ocasionada por insuficiente fluxo sanguíneo ao músculo cardíaco, que aparece cun limiar de esforzo menor que a anxina estable, incluso en repouso.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERSOAIS

Servizo

CARDIOLOXÍA

ANXIOGRAFÍA**Descrición**

Radiografía dos vasos sanguíneos tras a inxección por vía endovenosa dun líquido radiopaco.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

OFTALMOLOXÍA

APACHE II**Nome completo**

Acute Physiology And Chronic Health Evaluation

Descrición

Sistema utilizado para cuantificar a gravidade dun paciente con independencia do diagnóstico.

Epígrafe

ESCALAS

Servizo

MEDICINA INTENSIVA

APEX**Descrición**

Vértice dunha curva escoliótica.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

REHABILITACIÓN

Appar 1'**Descrición**

Exame rápido que se realiza ao primeiro minuto inmediatamente despois do nacemento para determinar a condición física do recém nado.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERINATAIS

Servizo

PEDIATRÍA

Appar 5'**Descrición**

Exame rápido que se realiza aos cinco minutos inmediatamente despois do nacemento para determinar a condición física do recém nado.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERINATAIS

Servizo

PEDIATRÍA

Appar 10'**Descrición**

Exame rápido que se realiza aos dez minutos inmediatamente despois do nacemento para determinar a condición física do recém nado.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERINATAIS

Servizo

PEDIATRÍA

Apley 1

Descrición
Proba para valorar a mobilidade activa do ombro.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
TRAUMATOLOXÍA

Apley 2

Descrición
Proba para valorar a mobilidade activa do ombro.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
TRAUMATOLOXÍA

Apneas

Descrición
Suspensión transitoria da respiración.

Epígrafe
ANAMNESE POR APARELLOS

Servizo
PNEUMOLOXÍA

AR

Nome completo
Amplitude respiratoria

Descrición
Medida do aumento do diámetro do tórax desde a posición de repouso ata unha inspiración forzada.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
REUMATOLOXÍA

Artificial

Descrición
Fecundación que ten lugar pola inxección do seme no útero mediante unha xiringa ou se realiza fóra do corpo por medio de técnicas de laboratorio.

Epígrafe
ANTECEDENTES PERINATAIS

Servizo
PEDIATRÍA

ASA

Nome completo
American Society of Anesthesiologists

Descrición
Escala de clasificación que utiliza a American Society of Anesthesiologists (ASA) para estimar o risco da anestesia segundo os distintos estados do paciente.

Epígrafe
VALORACIÓN DO RISCO ANESTÉSICO

Servizo
ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN / MEDICINA INTENSIVA

Astenia

Descrición
Falta ou perda de forza.

Epígrafe
ENFERMIDADE ACTUAL

Servizo
TRAUMATOLOXÍA

AUSCULTACIÓN CARDÍACA

Descrición
Exame físico que consiste en escoitar os sons producidos dentro da cavidade cardíaca.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
CIRURXÍA TORÁCICA / PNEUMOLOXÍA

AUSCULTACIÓN PULMONAR

Descrición
Exame físico que consiste en escoitar os sons producidos dentro dos pulmóns.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
CIRURXÍA TORÁCICA / PNEUMOLOXÍA

Avaliación do estado nutricional

Descrición
Valoración do nivel de saúde dun individuo desde o punto de vista nutricional, mediante datos clínicos, antropométricos e bioquímicos.

Epígrafe
ESCALAS

Servizo
XERIATRÍA

B**BASDAI**

Nome completo
Bath Ankylosing Spondylitis Disease Activity Index

Descrición
Proba para avaliar a actividade da espondilite anquilosante.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
REUMATOLOXÍA

BASFI

Nome completo
Bath Ankylosing Spondylitis Functional Index

Descrición
Proba para avaliar a capacidade funcional das persoas con espondilite anquilosante.

Epígrafe
EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo
REUMATOLOXÍA

BASMI**Nome completo**

Bath Ankylosing Spondylitis Metrology Index

Descrición

Proba para determinar o número mínimo de parámetros clínicos que avalían a mobilidade da columna vertebral na espondilite anquilosante.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

REUMATOLOXÍA

BASRI**Nome completo**

Bath Ankylosing Spondylitis Radiology Index

Descrición

Índice radiolóxico de afectación na espondilite anquilosante.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

REUMATOLOXÍA

BCG**Nome completo**

Bacilo Calmette-Guérin.

Descrición

Vacina liofilizada de bacilos vivos non patóxenos, procedentes dunha cepa de *Mycobacterium bovis* atenuados que ten capacidade para desenvolver unha resposta inmunolóxica fronte ao *Mycobacterium tuberculosis*.

Epígrafe

ANTECEDENTES VACINAIS INMUNITARIOS

Servizo

MEDICINA PREVENTIVA

Bicipital**Descrición**

Flexión do antebrazo cando se percute o tendón do bíceps braquial na flexura do codo.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

TRAUMATOLOXÍA

BIOMETRÍA**Descrición**

Determinación das dimensións e do poder dióptrico do globo ocular mediante ultrasóns.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

OFTALMOLOXÍA

BIOPSIA**Descrición**

Proceso de extracción de mostras de tecidos dun individuo vivo para o seu exame con fins diagnósticos.

Epígrafe

EXPLORACIÓN FÍSICA

Servizo

XINECOLOXÍA

Bioquímica**Descrición:**

Proba diagnóstica baseada na determinación dos valores de parámetros bioquímicos obtidos de mostras procedentes de material biolóxico dun individuo.

Epígrafe

PROBAS COMPLEMENTARIAS

Servizo

ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN

Bradycardia**Descrición**

Diminución da frecuencia e do ritmo dos latexos do corazón.

Epígrafe

ANTECEDENTES PERINATAIS

Servizo

PEDIATRÍA

Brown-Séquard**Descrición**

